

RESOLUCIÓN

ASUNTO: CONVOCATORIA MESA DE CONTRATACIÓN RELATIVA Á OBRA DE REFORMA DO MERCADO MUNICIPAL

EXPEDIENTE: 2017/G003/000352

ANTECEDENTES:

Mediante Resolución de Alcaldía núm. 475/2017, do 8 de novembro, procedeuse á convocatoria para a contratación das obras de Reforma do mercado municipal, publicándose anuncio de licitación no Boletín Oficial da provincia da Coruña núm.215, do 13 de novembro, así como no Perfil do contratante do órgano de contratación.

Rematado o prazo de presentación de propostas, e segundo certificado que obra no expediente, constan as seguintes ofertas:

Construcciones D. Ogando S.L.	N.R.E. 1.714 do 11 de decembro
-------------------------------	--------------------------------

Á vista do anterior e de conformidade coas facultades que me confire a lexislación vixente e ao abeiro do disposto no prego de cláusulas administrativas, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Nomear aos seguintes membros que formarán parte da Mesa de Contratación:

PRESIDENTE: Manuel Insua Insua, Alcalde da Corporación

Vogais:

- Manuela Fernández Louro, concelleira da Corporación.
- José Antonio Louro Pais, concelleiro da Corporación.
- Irene Suárez López, Secretaria-Interventora do concello.
- Antonio Martínez Domínguez, arquitecto da Oficina de rehabilitación.

Secretaria da Mesa: Carmen Trillo Mouzo, Auxiliar administrativo do concello.

SEGUNDO.- Convocar á Mesa de Contratación para a apertura da Documentación Administrativa, SOBRE A, en sesión non pública para o día **18 de decembro, ás 10:00 horas**. Se a Mesa acorda admitir á empresa presentada e non procede emitir requirimento aos efectos de emenda de documentos, procederase acto seguido, en sesión pública, o mesmo día, á celebración da Mesa de Contratación para a apertura do SOBRE B, Referencias Técnicas. Criterios non avaliados de forma automática, conforme ao prego de cláusulas administrativas aprobado.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución aos membros designados na Mesa de Contratación, así como facela pública no Perfil do Contratante do Concello de Corcubión (www.corcubion.gal), e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

Documento asinado dixitalmente na data e polas persoas indicadas na marxe.